



| Guía Docente          |   |                    |                        |          |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                        | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Iniciativa Emprendedora   | Código             | 760492020              |          |
| Titulación            |   |                    |                        |          |
| Descriptorios         |   |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Optativa               | 3        |
| Idioma                | Castelán  |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                        |          |
| Departamento          | Economía Aplicada 1   |                    |                        |          |
| Coordinación          | Agullo Leal, Fernando   | Correo electrónico | fernando.agullo@udc.es |          |
| Profesorado           | Agullo Leal, Fernando   | Correo electrónico | fernando.agullo@udc.es |          |
| Web                   | fagullo.info  |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | <p>A asignatura de Iniciativa Emprendedora intégrase no plan de estudos do Máster Oficial en Xestión e Dirección Laboral, no 2º curso e con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: diplomado, licenciado ou, doutor.</p> <p>Tamén ten a súa xustificación no feito de que os alumnos que se especialicen na xestión sociolaboral poderán non soio montala súa propia empresa senon tamen asesorar a outros a facelo. Nunha sociedade na que as formas de organización económica son cada vez máis complexas, é necesario para quenes dexesen por en marcha a súa propia empresa ou quenes se dediquen ao asesoramento na materia, o estudo da presente materia é, non só instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza pola empresa, o seu papel na economía, a súa función na distribución de riqueza, a situación actual do mercado de traballo para estes universitarios, en definitiva, a importante función social da empresa no momento presente, etc.</p> <p>Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpórnse ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os universitarios, así como a súa capacitación para a elaboración do plan de empresa que todo proxecto empresarial require. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan inquiredanzas polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral, espetar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no programa do máster queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito sociolaboral e concretamente na dinamización do desenvolvemento local, meirande o asesoramento técnico nos concellos e outras institucións.</li><li>2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a propia Universidade xa que ésta ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.</li></ol> |                    |                        |          |



| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |      |     |
|---|-------------------------------------|------|-----|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |      |     |
| <p>Adquirir as habilidades e competencias necesarias para poñer en marcha unha pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo. Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa. Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial. Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial. Desenvolver no alumno o nivel de autonomía e competencia necesario para a creación de empresas e o autoemprego. Introducir ao alumno na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas. Estimula-lo interese do alumno na procura de fontes de información primarias e secundarias, así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación. Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa. Saber definir obxetivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa que se proxecta create a súa contorna. Experimentar e supera-las dificultades que supón elabora-lo plan de empresa dun proxecto empresarial e adquirir a capacidade de esforzo e reflexión necesarios. Adquirir habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados. Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor social. Valorar e entede-lo traballo dos compañeiros na facilitación da aprendizaxe. Integración do alumnos no traballo grupal. Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados. Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO. Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa. Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha pequena empresa ou dunha empresa de servizos do eido laboral. Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de dicisións, etc. Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar axudas para levar a cabo o proxecto.</p> <p>Saber facer o plan de empresa de unah pequena ou mediana empresa.</p> | AP1                                 | BP2  | CM4 |
|   | AP3                                 | BP3  | CM5 |
|   | AP4                                 | BP4  |     |
|   | AP5                                 | BP9  |     |
|   | AP10                                | BP10 |     |
|   | AP11                                |      |     |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora. | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas</li> <li>2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas               <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 A idea de empresa e manantiais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio (canvas).</li> <li>2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender</li> <li>2.3 O plan de empresa: que é, para que e como se elabora.</li> </ol> </li> <li>3. Aspectos legais da creación de empresas.</li> </ol> <p>Anexo. O asesoramento a emprendedores no proceso de creación de empresas.</p> |



|  |  |
|--|--|
| <p>Tema 2. A elaboración do plan de empresa.</p>         | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudo de mercado             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 Obxetivos e fases da elaboración</li> <li>2.2 A contorna e a creación de empresas</li> </ol> </li> <li>3. A análise DAFO</li> <li>4. A mercadotecnia             <ol style="list-style-type: none"> <li>4.1 O produto/servizo</li> <li>4.2 O prezo</li> <li>4.3 A distribución</li> <li>4.4 A comunicación</li> </ol> </li> <li>5. A segmentación e a estratexia</li> <li>6. A previsión de vendas</li> </ol> <p>Subtema 3. A viabilidade do proxecto empresarial</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial</li> <li>2. A análise financeira             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 O balance</li> <li>2.2 Técnicas de análises</li> </ol> </li> <li>3. A análise económica             <ol style="list-style-type: none"> <li>3.1 A conta de resultados (PeG)</li> <li>3.2 Técnicas de análises</li> </ol> </li> </ol> |
| <p>Tema 3. A viabilidade do proxecto empresarial</p>     | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial</li> <li>2. A análise financeira             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 O balance</li> <li>2.2 Técnicas de análises</li> </ol> </li> <li>3. A análise económica             <ol style="list-style-type: none"> <li>3.1 A conta de resultados (PeG)</li> <li>3.2 Técnicas de análises</li> </ol> </li> </ol>   |
| <p>Anexo. Guía para a elaboración do plan de empresa</p> | <p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudo de mercado</li> <li>3. O plan comercial</li> <li>4. O plan de organización e de recursos humanos</li> <li>5. Os aspectos legais</li> <li>6. A análise económica-financeira</li> <li>7. Conclusións</li> <li>8. Anexos.</li> </ol>  |

| Planificación          |                              |   |                         |              |
|------------------------|------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados    | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva        | A1 A10 A11 B2 B9 B10 C5      | 2                                       | 0                       | 2            |
| Sesión maxistral       | A1 A10 B9 B10 C5             | 15                                      | 12                      | 27           |
| Simulación             | A3 A4 A5 A10 A11 B2 B3 C4 C5 | 24                                      | 6                       | 30           |
| Traballos tutelados    | A3 B4 B10 C4 C5              | 0                                       | 15                      | 15           |
| Atención personalizada |                              | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Proba obxectiva     | <p>Proba escritura utilizada para la avaliación del aprendizaxe, cuxo trazo distintivo es la posibilidade de determinar si las respostas dadas son o no correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. ES de aplicación tanto para la avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas. Nas datas aprobadas en Xunta de Centro levará a cabo unha proba obxectiva na que o alumno terá que responder as preguntas dun cuestionario teórico-práctico (test de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto) ou preguntas de resposta aberta (breve explicación, resumo, representación e interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) ou de ambos os tipos.</p> |
| Sesión maxistral    | <p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.</li> <li>- Análise dos aspectos principais que integran o tema.</li> <li>- Síntese integradora do exposto.</li> <li>- Fixación breve e sinóptica do tema.</li> </ul>  |
| Simulación          | <p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación farese en tres fase:</p> <p>1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS)</p> <p>2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira</p> <p>3ª Estudio de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa</p>  |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. A realización en grupo dos traballos tutelados consistirá na profundización de algúns dos temas propostos polo profesor nos contidos da asignatura ou que garde algunha afinidade con eles.</p>   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                      | Descrición   |
|-----------------------------------|--|
| Simulación<br>Traballos tutelados | <p>Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización de traballos tutelados é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> |

## Avaliación



| Metodoloxías        | Competencias / Resultados       | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|---------------------------------|--|---------------|
| Simulación          | A3 A4 A5 A10 A11 B2<br>B3 C4 C5 | A simulación faise por medio de un xogo de simulación emprendedora por grupos e en tres fase. Cada unha das producións de estas fases valerá 10 puntos que se concederán en atención á calidade do traballo presentado e sempre que se respeten as datas de entrega do cronograma da asignatura. Estas fases son:<br>1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS)<br>2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira<br>3ª Estudo de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa | 30            |
| Traballos tutelados | A3 B4 B10 C4 C5                 | Se poderá realizar un traballo individual ou en grupo dun tema relacionado cos contidos da asignatura que, a proposta dos alumnos, o profesor deberá autorizar. Os puntos se otorgarán en función da calidade do traballo, bibliografía utilizada, forma elaboralo (grupo/individual) e a data de presentación.  | 10            |
| Proba obxectiva     | A1 A10 A11 B2 B9<br>B10 C5      | Se realizará unha proba na fecha establecida pola Xunta de Facultade. A proba será un cuestionario de preguntas tipo test.<br>O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto.  | 60            |
| Outros              |                                 |  |               |

Observacións avaliación



A proba obxetiva formularase en castelán e se poderá responder e calquera das linguas oficiais da udc. En caso de desexala en galego, o alumno deberá indicarllo ao profesor una semana antes da súa realización.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Para seguir o sistema de avaliación continua requirese que o alumno asista como mínimo ao 80% das sesións presenciais.

A calificación de APTO acadarse con 50 puntos. Desenvolverase unha simulación ao longo do curso que consistirá nun xogo de simulación emprendedora. A simulación consiste na representación dun fenómeno de natureza técnica e relativa á competencia emprendedora aue permite unha análise máis sinxela, económica e inocua que si se levara a cabo na realidade. Ponse ao alumno ante unas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Básase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ao tempo que se empregarán na avaliación do alumno. No noso caso constitúe ademais un exercicio completo e integrador, tanto pola diversidade dos aspectos que aborda como do número de variables que se manexan ao plantexar unha iniciativa emprendedora. Os alumnos, integrantes de cada un dos grupos de traballo, terán tamen o reto de asumir un determinado rol dentro do grupo co que, en función das súas competencias e coñecementos sobre determinados aspectos do traballo a desenvolver, cada un optimice as súas habilidades individuais poñendoas ao servizo do grupo para acadar os obxetivos propostos. O xogo de simulación emprendedora consistirá na posta en marcha dun proxecto empresarial para o que se fará o deseño empresarial e se elaborará un plan de empresa co correspondente análise da viabilidade. Se deberán entregar, na data límite que figurará no cronograma das actividades, as seguintes producións: 1º. A idea e o deseño empresarial (modelo de negocio, Canvas) 2º. A elaboración do plan de empresa 3º. O estudo de viabilidade Por medio do xogo de simulación iredes dandolle forma á vosa idea inicial para converterla nun proxecto que supoña unha oportunidade para acceder ao mercado laboral como emprendedores. Este proceso require a implicación de todo os membros do grupo e a súa coordinación xa que trala sesión presencial o traballo pódese continuar ata a data de entrega como unha actividade grupal do obradoiro no que se estea a traballar. O proceso de ensinanza-aprendizaxe que supón a utilización de esta metodoloxía de aprendizaxe implica que o tempo das sesións presenciais utilizarase fundamentalmente para aplicar o coñecemento, coas orientacións do profesor, dos conceptos contidos nos temas que o alumno deberá ter traballado con anterioridade as sesións presenciais. Este sistema consiste en ?darlle a volta á clase? ao facer os obradoiros na clase en lugar de facelos na casa. SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL (alternativo ao sistema de avaliación continua): Para atender as necesidades especiais dos estudantes con dedicación a tempo parcial uo de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio a diversidade, ofrécese un sistema de avaliación final, ao que poderán acollerse todos os alumnos que o dexesen. Así mesmo, si por necesidades especiais o alumno necesítase algunha especificidade nas metodoloxías para a súa avaliación deberá indicalo ao profesor quen lle dará una alternativa adaptada as súas circunstancias particulares. O sistema de avaliación final consistirá nunha proba na fecha establecida pola Xunta de Facultad coa que o alumno obterá o súa calificación na asignatura. A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán  $\frac{1}{4}$  do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc. A calificación de APTO se acadará con 50 puntos. No caso de avaliación final, se non se realizar a proba obxetiva, a calificación nesa oportunidade será NON PRESENTADO.

Fontes de información



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2011). Economía y empresa. Iniciativa emprendedora. <a href="http://fagullo.info">http://fagullo.info</a></li> <li>- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2016). Iniciativa emprendedora y creación de empresas. <a href="mailto:inicaemp@yahoo.es">inicaemp@yahoo.es</a></li> <li>- GUERRERO, MARIBEL Y OTROS ( 2016). Informe GEM España 2015 . Editorial Universidad de Cantabria. Santander</li> <li>- ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid</li> <li>- ALONSO JULIÁN, JOSÉ Mª (2000). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid</li> <li>- BAYÓN, Mª I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial CEOE-CEPYME. Madrid</li> <li>- BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid</li> <li>- BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas.. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid</li> <li>- EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona</li> <li>- GIL ESTALLO, Mª A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid</li> <li>- HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo, Madrid</li> <li>- PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana.Madrid</li> <li>- SALINAS SÁNCHEZ, JOSÉ MANUEL (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- SOCIEDAD PARA LA PROMOCIÓN Y RECONVERSIÓN INDUSTRIAL, S.A (1986). Diez pasos para crear una empresa. Editorial el autor, Bilbao</li> <li>- SOUFI GÓMEZ, S. (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los subtemas de esta asignatura se facilitan con los contenidos que se pueden descargar en la web <a href="http://fagullo.info">http://fagullo.info</a></p>  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando o alumno ten unha idea de por en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. Tamén serve para asesorar a outros na posta en marcha unha empresa e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías